

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2024

Arredor dunha polémica: dúas cartas de César Vaamonde Lores

Xosé L. Axeitos

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Arredor dunha polémica: dúas cartas de César Vaamonde Lores

Xosé L. Axeitos

Na polémica iniciada polo escritor e xornalista Lestas Meis en 1924 sobre o destino da biblioteca e arquivo persoal de Murguía confluíron unha serie de circunstancias que teñen relación directa coa estima social e valoración cultural de Murguía e Rosalía. Paga a pena que revisemos un debate, limitámonos a cursar o convite, que foi esquecido deseguida e asociado unicamente ás sucesivas penurias económicas da familia Murguía-Castro. Descoidouse sempre no debate a alta consideración social e intelectual de que gozaba o matrimonio, considerados como depositarios das nosas esencias patrias. De aquí procede o sentimento de posesión colectiva que albergaban moitas xentes sobre as fontes inspiradoras da obra de Rosalía e Murguía. O arquivo era para Galicia unha especie de “arcón” no que estaba depositado o coñecemento que nos distinguía dos demais pobos. Non atopo mellor exemplo que aquel xastre de Rianxo, Xosé Rañó, que cando recibe noticia das primeiras entregas da *Historia de Galicia* escribe unha carta a Murguía agradecéndolle a posibilidade de presentarse diante dos españois como oriundo dun país que tiña a súa propia historia. Este proceso de dignificación colectiva está na base das reclamacións dun arquivo e dunha biblioteca que trascenden o valor monetario de libros e documentos. Deste sentimento aproveitouse Lesta Meis para despertar o tema e involucrar á RAG no problema suscitado.

ECO DE GALICIA

DE MI TIERRA

UNA ENTREVISTA CON LA FAMILIA DE MURGUIA.—¿NO SE VENDIO AUN TODO LO DE DON MANUEL?

Por fin he podido averiguar donde veraneaba la familia de Murguía. Tenía que hablar con ella, a ver cómo me explicaba la venta de los libros y papeles de don Manuel, o de lo contrario quedar yo en libertad ante mi conciencia de obrar como mi patriotismo me aconsejara. Al parecer había alguien interesado en que yo no pudiera hacer esta visita. Pero como manifesté en firme mi propósito de obrar en consecuencia, dando por averiguado y cierto todo lo que yo había sido, las circunstancias cambiaron y mis deseos no fueron estorbados por nadie.

Primeramente visité a la señorita Alejandra. Supo una tarde que estaba aquí, en la casa que tienen en la Coruña. Me recibió con mucha amabilidad. Y eso que no me conocí. Tenía idea de haberme visto alguna vez con su padre en el Café Oriental. Pero no se acordaba ni de mi nombre ni de mi profesión. ¡Y cuidado si me tiene visto días y días durante más de dos años! Ella acompañaba casi siempre a su padre al café Oriental, a donde don Manuel jamás dejó de venir por las tardes mientras pudo salir de casa. En esta compañía sólo le sustituía su hermana Gala, cuando ella, achacosa ya, no podía venir. La presenté mi tarjeta: “¡Ah, sí, sí. Lesta Meis!”—dijo. Aun conservamos un artículo donde usted habla de papá. Ha de haber unos cuatro años de este. Perdona usted que no me asista mejor mi memoria. Ya ve... Los años son muchos; los achaques no son menos. Todo ayuda a que se vaya de nuestro pensamiento hasta aquello que nos debemos nosotros mismos”.

La señorita Alejandra está, efectivamente, achacosa. Tiene el pómulo derecho torcido e hinchado. No me atreví a preguntarle la edad que tiene. Representa sesenta años. Más bien más que menos. Al hablar tiene un acento de suave y vaga melancolía, que encanta. Encanta y conmueve. Se siente en el alma como un eco de dichas pasadas... No pude preguntarle nada de lo que quería saber. No me sentí con fuerzas para ello. Comprendí que había de dolerle en lo íntimo. Dejé que ella hablase lo que quiso y de lo que quiso. Ya dije que se le escucha con gusto. Le pregunté dónde estaban veraneando. Me lo dijo. Tomé nota. Le anuncié mi visita y salí.

El que estaba al tanto de todo era su cuñado, don Pedro Izquierdo. Don Pedro Izquierdo es hombre de letras, es madrileño y está también bastante entrado en años, aunque no lo parece, y con salud muy escasa. Ya todos juntos en la casa de campo, empecé a explorar el terreno. Mientras, el gran Sellier preparaba la máquina. A las primeras palabras vi que se me iban de la cuestión. Entonces les dije con toda claridad y de una manera terminante, que estaba enterado de todo y que era inútil ocultarme nada. Que si no me hablaban con franqueza, yo daría por confirmado cuanto se decía y que eso podía traerles consecuencias. Tomó la palabra don Pedro:



Nuestro Corresponsal en La Coruña, el distinguido literato Sr. José Lesta Meis, en una entrevista con la familia del insigne D. Manuel Murguía, relacionada con las obras que se dice han desaparecido de la Biblioteca del ilustre ex-presidente de la Real Academia Gallega.

—“Pues mire usted, amigo Lesta Meis; no es lo que se dice ni como se dice. Yo quiero mucho a Galicia y sé el derecho que Galicia tiene a conservar todo lo de Murguía y Rosalía. Pero de nosotros... ya ve usted... Yo llevo aquí varios años y no he podido aun encontrar donde ganar para vivir. Creo que Galicia debiera evitar que el glorioso apellido de Murguía saliese de aquí. Pues nos tendríamos que ir mi esposa y yo. Tengo que volver a mis Academias de Madrid”...

Creí que me estaba preparando para que me causara menos efecto la triste verdad. A fin de que me lo dijese todo, le atajé:—A mí no me parece mal que si ustedes se vieran necesitados echasen mano de lo que pudiesen. Yo tampoco repararía. Me contó:

—No es eso. Nosotros no nos hemos visto en esa situación. Lo que se ha vendido fueron unos cuantos libros raros que no importan a Galicia. Son libros de valor por lo muy antiguos. Pero no tienen nada que ver con Galicia. Lo de Murguía está todo allí...

Como no concretaba nada, le hice algunas preguntas.

—Conservan ustedes unos libros grandes que tenía don Manuel, llenos de copias del archivo de Simancas? Son unos tomos como los que se usan en el comercio. En ellos guardaba don Manuel, copiados a

(a la vuelta).

De todos é sabido que inmediatamente despois da morte de Murguía o escritor e xornalista coruñés Xosé Lesta Meis (1887-1930) desatou unha escandalosa polémica sobre a biblioteca e documentación persoal do Patriarca e Presidente da Real Academia Galega que falecera o día 2 de febreiro de 1923. Durante o mes de setembro de 1924 publica Lesta tres artigos no xornal vigués *El Pueblo Gallego* que reproducen en outubro *El Noroeste* (21-IX-1924) cun titular rechamante (“Leváronnos a Biblioteca e mail-o Archivo de Murguía”) e *La Voz de Galicia*. Lesta, que era corresponsal de *El Eco de Galicia* da Habana tamén escribe outro chamativo artigo para esta cabeceira e acaba entrevistando á familia, con foto na que poden verse ao corresponsal e as tres fillas de Murguía con Pedro Izquierdo Corral. A fonte de información confesada do periodista coruñés é César Vaamonde Lores que fixo as veces de asistente e secretario de Murguía durante os últimos anos da súa vida, a quen lle ditaba cartas e confiaba xestións de todo tipo. A confusa e exculpatoria contestación de Pedro Izquierdo Corral, xenro de Murguía e marido de Gala, en *La Voz de Galicia* (15 e 16 de outubro de 1924) non acabou de pechar decorosamente o debate aberto por Lesta Meis que, como dixemos, no seu momento afectou tamén indirectamente á RAG. Na súa contestación como portavoz da familia Izquierdo Corral reclama o dereito da familia a dispoñer libremente da herdanza de seus pais e critica as reclamacións formuladas sobre este patrimonio cando non se tiveron en conta as necesidades materiais da mesma poñendo o acento torpemente nas constantes peticións que formulou Murguía para conseguir que a súa filla Aura puidese volver a Galicia, tal como sabemos polas cartas que o Patriarca tiña dirixidas a distintas administracións e poderes.

Un debate inútil que non logrou máis que abrir sospeitas e non foi quen de reconstruír os fondos bibliográficos e documentais do matrimonio Rosalía-Murguía que nos permitirían coñecer máis e mellor a procedencia e fontes da vasta e selecta cultura que atesouraban ambos.

Unha primeira consideración a respecto da revisión da polémica é que a biblioteca unicamente se relaciona con Murguía que figura sempre como único posesor cando hai evidencias importantes de que se trataba dunha biblioteca matrimonial e aínda me atrevería a dicir que “familiar” polo uso ao que estaba destinada en parte.

Numerosas testemuñas acreditan que Murguía e Rosalía formaron ao longo da súa vida matrimonial unha importante biblioteca familiar da que dan comprida noticia as cartas conservadas. O carácter familiar da biblioteca queda probado, entre outros testemuños, polo apartado temático dedicado ó ensino e aprendizaxe das artes plásticas, destinado sen dúbida á formación de Alexandra primeiro e posteriormente de Ovidio e polos moitos títulos poéticos adquiridos por ou para Rosalía, tal é o caso da obra completa de Brizeut mencionada na correspondencia familiar e que non figuraba entre os libros recibidos pola RAG. O actual exemplar que custodia foi adquirido durante a presidencia de Ferrín. A mesma consideración merecen as obras de Heine, Florentino Sanz, etc.

Sentada esta consideración, parece lóxico pensar que entre a burguesía ilustrada de Galicia a biblioteca matrimonial gozaba dunha sólida reputación social. En primeiro lugar pola condición de escritores moi coñecidos, autores de obras divulgadas en xornais e revistas de todo tipo, almanaques, seccións literarias etc. Non debía ser secundaria a consideración de Murguía como bibliotecario e arquivista, profesión acreditada como culta e de saberes libresco. A estas circunstancias temos que engadir que Soto y Freire entre 1865 e 1868 dirixiu centenaes de cartas a particulares e libeiros na procura de bibliografía selecta para proporcionar a Murguía información para redactar a súa *Historia de Galicia* que o impresor lu-gués publicaba por entregas; en non poucas ocasións presentábase como un sinxelo intermediario. Dan fe destas xestións as contas que presenta cando se rompe a sociedade entre ambos nas que consigna un total de 4.817 reais -en 1869!- gastados en libros.

Nesta mesma liña temos que facer constar as decenas de tarxetas que recibía Murguía, con información aberta dos libros remitidos e os prezos correspondentes que circulaban polas oficinas de correos. Era un matrimonio, en definitiva, que conviviu cos libros e entre libros. Non nos sorprende, xa que logo, que en moitas ocasións anden na procura de *libros raros e curiosos* por dous diferentes procedementos: mercando, a prezos elevados, nos ricos catálogos que recibe Murguía de París -*Librería Internacional*- de Lisboa e Guimerães -*João Pereira da Silva*- ou de Madrid -*Viuda de Rico, Viuda e Hijos de Cuesta*- e tentando conseguir algún lote nas librarías de sona que están en venda; tal ocorre en 1871 cando o seu amigo Bernardo Barreiro lle dá noticia da venda da librería de D. Domingo Cortés González, clérigo e catedrático falecido en Santiago en 1869. Ou estoutra noticia que lle achega epistolarmente Ramón Rúa Figueroa desde Madrid:

En casa de Bailly he visto un catálogo impreso de una librería puesta en venta en Santiago, rúa de San Pedro nº 108. Por la clase de libros, la mayor parte litúrgicos, creo que sería de algún crego. Hay poco bueno, pero acaso algo que a usted le convenga. He visto un Gándara, barato.^[1]

Máis doloroso resulta cando as minguadas condicións económicas impoñen a venda de libros de cuantiosa valía real e sentimental como sucede co exemplar citado de Gándara, no que se pode ler esta lenda manuscrita do seu novo propietario:

“Este libro fue del uso de D. Manuel Martínez Murguía autor de la Historia incompleta de Galicia. Lo adquirí en el año 1879 con otros varios del mismo señor, a quien su mal

[1] Con seguridade se trate de Fr. Felipe de Gándara, *Armas iTriunfos. Hechos heroicos de los hijos de Galicia*. Madrid, 1662.

estado de fortuna le obligó a vender. Probablemente volverá a venderse andando el tiempo o irá como papel viejo. R.[amón] S.[egade] C.[ampoamor]

En un catálogo de la librería de Anllo –Madrid, 1884– se pone esta obra en 10 pts.^[2]

Nesta outra carta, de Murguía a Rosalía, cando preparaban a edición de *Follas Novas* volvemos atopar o suceso da venda dunha obra da súa propiedade, algo moi frecuente na época:

Adjunto te envío el plan de un poemita, como los que yo pensaba indicarte. Si lo haces, si logras sentirlo, y expresar bien la cosa, creo harás la joya de tu nuevo libro. Es un bonito argumento, y si quieres lee a Brizeux que aunque lo vendisteis y lo compró Alfredo^[3], peditárselo y lee especialmente su poesía de Les Bretons.

E, sempre tamén, peticións de libros aos máis reputados importadores como os célebres Hidalgo, Vindel e Bailly-Baillièrre, que lle axunta en numerosas tarxetas impresas o importe das compras, como xa temos dito.

Temos información dabondo para confirmar que manexaron fondos bibliográficos selectos: numerosas cartas e tarxetas certifican envíos de librerías diversas, nomeadamente de Bailly-Baillièrre un importador de libros de toda Europa e ao que recorreu Murguía en moi diversas ocasión; as cartas de Soto Freire dirixidas a correspondentes e libeiros de toda España son outra fonte de información dos libros que eran enviados ao matrimonio; e, a maior abundamento, a biblioteca conservada na RAG, despoxo da que tiveron no seu día, conserva unha boa colección de catálogos e información bibliográfica con títulos sinalados que apuntan a posibles pedidos: librería de Bernardo Rico (Travesía del Arenal, 1, Madrid), librería J. Pereira da Silva (Lisboa), Librería Internationale (París), Catálogo de Livres anciens qui se trouvent à la librairie Tross (París), Catálogo de libros antiguos y curiosos que se hallan a la venta en la librería Hijos de J. Cuesta (Carretas, 9, Madrid), Relación de Libros Antiguos y modernos que pone a la venta la librería de ocasión Antonio Martínez Gayo (Plaza del Callao, 1, Madrid) etc. etc.

A Academia Galega custodia, como é sabido, un resto importante da biblioteca matrimonial, legada por dona Gala. Dicimos resto porque resulta evidente, por numerosos testemuños, entre eles a moi fundada denuncia de Lesta Meis, que gran

[2] Esta nota final semella ser posterior á primeira aínda que da mesma letra, a de Ramón Segade Campoamor, santiagués, amigo de Murguía e de Aurelio Aguirre e autor de varias novelas históricas.

[3] Con seguridade que o comprador mencionado do libro sexa Alfredo Vicenti e non Brañas que aínda non conocía a Rosalía, tal como escribe a Murguía en carta de pésame de 1885. Por certo que tamén Vicenti lera o libro *Barzaz Breiz* de Villamarqué, citado nun artigo titulado “La última noche de abril”, publicado en *La Ilustración Gallega y Asturiana* (1879).

parte da biblioteca Murguía Castro, con importante documentación engadida, foi vendida en vida e nos anos posteriores á morte do patriarca. Dá fe César Vaamonde Lores cando en carta a Rey Soto^[4] lle explica:

“El que yo manejé [Diccionario de escritores], era del propio Murguía, con muchas notas marginales de su mano, y único que él poseía. Hoy este ejemplar debe ser el que tiene Vindel, tal vez procedente de los innumerables manuscritos que en ocho grandes cajones, vendió la familia a Morales, de Madrid, a parte de otros libros. Morales los vendió ahí como pudo y creo que aún tiene algunos y de estas reventas será, tal vez, el de Vindel. Por más que en repetidos viajes, han marchado a Madrid muchísimos más libros y papeles del Patriarca con objeto de negociarlos en esa.”

Apéndice documental

As cartas que transcribimos a continuación de César Vaamonde, ademais de certificar a venda de libros e documentos procedentes da biblioteca familiar Murguía-Castro, introduce ao autor como centro e referencia informativa a respecto das transaccións de libros e documentos en Galicia. Bibliotecario e Arqueiro da Real Academia Galega, tiña xa publicados no Boletín da institución numerosos documentos desde o ano 1907. Calquera que lea as memorias de Palau (Antonio Palau y Dulcet, *Memorias de un librero catalán*, Doce Calles, 2021) quedará definitivamente familiarizado con este mundo do comercio e intercambio de libros tan común entre bibliotecarios, arqueiros, bibliófilos e libreiros.

[4] Carta manuscrita, coido que inédita, de 23 de maio de 1933 a Rey Soto que transcribimos completa como apéndice. (Arquivo RAG).

A Rey Jote

23 Mayo. 1777.

Mi querido amigo: /

Recibí su grata, y el giro de 75 pt.^{as} de los documentos referente a la Marquía, que supongo han de ser de su agrado por ser firmas autógrafas de 9^{os} luego esclarecidos y autografiados de ellos.

~~Estos~~
Todos serán certificados, sera mas el libro de Estrada.

Supongo en su poder otros de libros mis que hace años le envié, dedicados, para V.

El diccionario de escritores de Navarra, que está a la categoría de Navarra no lo poseo, ni la descubierta de Trevi. Un amigo mio vendió hace años, un ejemplar por 50 duros. Hoy no se le encuentra. El que yo manejo, era del propio autor, con muchas notas marginales con su mano, y misas que el propia. Hoy este ejemplar debe ser el que tiene Trevi del. Tal vez procedente de los innumerables manuscritos, que en otros grandes cajones, vendió la familia a Morales, de Madrid, a parte de otros libros. Morales los vendió allí como que

A Rey Soto

23 de mayo 1933

Mi querido amigo: Recibí su grata y el giro de 75 pesetas de los documentos referentes a la Marquesa^[5], que supongo han de ser de su agrado por ser firmas autógrafas de gallegos esclarecidos y antepasados de ella.

Todos envíe certificados, con más el libro de Estrada.

Supongo en su poder otros dos libros míos que hace días le envié, dedicados para V.

El Diccionario de Escritores de Murguía pasó a la categoría de rarísimo. Yo no lo poseo, ni la Academia lo tiene. Un amigo mío vendió hace años un ejemplar por 50 duros. Hoy no sé lo que valdrá. El que yo manejé, era del propio Murguía, con muchas notas marginales de su mano, y único que él poseía. Hoy este ejemplar debe ser el que tiene Vindel, tal vez procedente de los innumerables manuscritos que en ocho grandes cajones vendió la familia a Morales, de Madrid, a parte de otros libros. Morales los vendió ahí como [...do] y creo que aún tiene algunos y de estas reventas raras, tal vez, el de Vindel. Por más que en repetidos viajes han marchado a Madrid muchísimos más libros y papeles del Patriarca con objeto de negociarlos en esa.

Sin embargo si encuentro por aquí algún ejemplar del famoso Diccionario, se lo comunicaré.

De los manuscritos que poseo y que empleé más de 40 años en irlos recogiendo, no sé que hacer. Catalogarlos me es imposible por ser tantos y tenerlos desperdigados y hasta muchos fuera de casa. Y valorarlos me será más difícil todavía, porque, ¿en cuanto voy a valorar los diplomas reales de los tiempos de la letra visigótica?

Tal vez más adelante los ofrezca en bloque al Estado, al que ya llevo regalando varios.


Esto no es cuestión de recato ni reserva, porque todo el mundo sabe que los tengo, muchos los han visto, muchos he publicado ya, y muchísimos cito en mis trabajos. Pocos han tenido tanta paciencia como yo, pues empecé la tarea de reunirlos siendo un muchacho, y para más, un muchacho campesino. Y aún sigo hoy con la manía.

Siempre de U. muy aff. que le quiere

C,

A segunda misiva de César Vaamonde está dirixida dous anos máis tarde a Claudio S. Albornoz ao que contesta en cumprimento dunha petición que este lle fai desde o Centro de Estudios Históricos. Instituto de Estudios Medievales de Madrid. Esta petición datada en Madrid o 11 de maio de 1935, di así:

[5] Supoñemos que se trata de Ángela Santamarina Alduncín (1863-1956), protectora e mecenas de Rey Soto, que en 1924 mercou o título de marquesa de Atalaya Bermeja.



Mi distinguido amigo: Le agradecería muchísimo, tuviera V. la amabilidad de preguntar a D. Antonio Reyes Cariz el nombre y domicilio del comprador del Tumbo de Caabeiro, que, según V. me dijo, fue vendido por dicho señor.

Me interesa conocer estos datos, porque desearía el Instituto fotografiar esi fuera posible, con vistas a la preparación de los "Monumenta Hispaniae Histórica, cuyo primer volumen tiene ya muy adelantado.

De V. siempre afmo. s. s. y amigo, q. e. s. m.

Claudio S. Albornoz [rubricado]

Hoy^[6] ordeno al depósito de libros de esta casa que le envíen los volúmenes del Anuario como ofrecí a cambio de las publicaciones de la Academia.

Esta é a contestación de César Vaamonde datada na Coruña o día 21 de maio de 1935:

[6] Nota manuscrita do autor da carta mecanografada.

Mi distinguido amigo:

De mi regreso de Santiago, me encuentro con su atenta del 11 del corriente, y con los volúmenes del Anuario que se ha dignado enviarme.

He cumplido el encargo que V. me hace de preguntar a D. Antonio Rey Escariz [correixe o segundo apelido deste señor], por el Tumbo de la colegiata de Caabeiro. Me dice dicho señor que como al mismo tiempo y en varias ocasiones se desprendió de otras cosas análogas en favor de diferentes sujetos, que no recuerda ahora a cual de estos habrá cedido el referido Tumbo.

Pero yo hice algunas averiguaciones entre modestos comerciantes que se dedican a la venta de objetos usados y me informa uno de ellos que cree que en distintas veces, vinieron por esta ciudad unos anticuarios catalanes y adquirieron cuanto pudieron tanto de manuscritos, como objetos de arte antiguos, ampliándome la información con la de que dichos señores coincidiendo también con el pánico que hace un par de años cundió entre los conventos, especialmente de mujeres, obtuvieron de los de Santiago, según se dice, alhajas tanto de libros y pergaminos como de cosas de otra índole. Y que entre las personas que aquí visitaron, cuentan al Sr. Rey.

También me manifestó, que dichos catalanes, le parece que se llamaban, uno Marcial Arias Carvajal, domiciliado en Barcelona, plaza de la Lana nº 1, y el otro José Monge, residente también en Barcelona, calle Canuda, 42. Este Monge figura como Director y Propietario de una revista que se recibe en esta Biblioteca titulada El Filatélico Español y su dirección es Plaza del Teatro, nº 1, entresuelo, Barcelona.

Tiene V. pues, una buena pista que pudiera conducirle al paradero del famoso Tumbo que en unión de tantos otros monumentos, fueron borrados de Galicia.^[7]

Un remate, o da carta dirixida a Sánchez Albornoz por César Vaamonde, que parece albiscar situación presentes xa presentidas nas palabras de Orwell en 1984 : “O pasado foi borrado, o borrado esquecido, a mentira convertida en verdade”.

[7] A nosa copia da carta remata aquí. Como se trata dun borrador manuscrito con numerosos riscados podería ser que o autor da mesma prescindise da despedida final, por innecesaria.

Publicamos este noveno número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello da Coruña



Concello da Coruña



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO